CEIP ESPIÑEIRA-ALDÁN

MEMORIA FIN DE CURSO 2007/2008

Aprobada polo Consello Escolar o día 27 /06/08



Xuño 2008

ÍNDICE

I. INTRODUCCIÓN

II. OBXECTIVOS
1. Relacionados coas instalacións.
2. Relacionados coa Organización Pedagóxica.
- Equipo de Normalización Lingüística.
- Comisión de Coordinación Pedagóxica.
- Educación Musical.
- Educación Física.
- Informática.
- Lingua Inglesa.
- Actividades alternativas ó ensino de Relixión.
- Biblioteca.
- Equipo de Actividades Extraescolares e Complementarias.
- Equipo de Educación Infantil.
- Equipo de Primeiro Ciclo.
- Equipo de Segundo Ciclo.
- Equipo de Terceiro Ciclo.
- Pedagoxía Terapéutica.
- Audición e Linguaxe.

3. Relacionados co alumnado. Resultados da Avaliación.
4. Relacionados cos pais/nais dos alumnos.

III. PROBAS AVALIATIVAS DE FINAL DE CICLO

IV. ACTIVIDADES EXTRAESCOLARES.

CEIP ESPIÑEIRA-ALDÁN

I. INTRODUCCIÓN

Seguindo as directrices marcadas no punto 5 do Capítulo I da Orde da Consellería de Educación e Ordenación Universitaria do 22 de xullo de 1997, pola que se regulan determinados aspectos do funcionamento dos Colexios de Educación Infantil e Primaria, ao finalizar o curso escolar, avaliarase o grao de cumprimento da Programación Xeral Anual (P.X.A.) e as conclusións obtidas serán recollidas nunha MEMORIA. Esta memoria consistirá nun balance crítico, nunha autoavaliación do cumprimento global da P.X.A. do Centro e as propostas de mellora.

Por todo elo, a continuación iranse sinalando:

- Obxectivos sinalados na P.X.A. Grao de consecución. Propostas de mellora.
- Traballos, actividades e demais, desenvolvidos polos distintos equipos e órganos de coordinación docente. Balance crítico e propostas de mellora.

CEIP ESPIÑEIRA-ALDÁN

II. OBXECTIVOS

1. RELACIONADOS COAS INSTALACIÓNS

Obxectivos básicos que se sinalaban na P.X.A.:

- Realiza-las xestións oportunas para:
    1. Reparar o firme da pista central e arredores do Centro.
    2. Reparar o teito do patio cuberto
    3. Pintar o edificio no interior e no exterior.
    4. Repoñer o aramado exterior.
    5. Protexer as columnas do patio cuberto.
    6. Pintar cunha pintura impermeabilizante, o anexo dos vestiarios do pavillón (sala de material de E. Física)
    7. Limpar os canlóns e exteriores do pavillón.
    8. Reconverter os antigos vestiarios nunha aula de psicomotricidade para o alumnado de E. Infantil.
    9. Dotar de andeis e outro mobiliario á Biblioteca do Centro.

Destes obxectivos foron acadados os seguintes:

1. Reparouse o teito do patio cuberto.
2. Pintado de corredores, biblioteca e salón de actos.
3. Limpeza de canlóns do pavillón.
4. Debido a que a ANPA solicitou a posta en funcionamento do comedor escolar no Centro e realizou as xestións pertinentes para a súa apertura, os antigos vestiarios destinaranse para este fin ao non contar con outro espazo dispoñible.
5. Dotouse a biblioteca de andeis.

O vindeiro curso seguirase insistindo na consecución dos obxectivos non acadados.

2. RELACIONADOS COA ORGANIZACIÓN PEDAGÓXICA

- Elaborar ao longo do curso o PEC e os seguintes Plans e Proxectos:
    1. Plan de Normalización da Lingua Galega.

2. Proxecto Lingüístico de Centro.
3. Plan de Convivencia.
4. Plan Lector.
5. Proxecto Lector.
6. Plan TICs.

Durante este curso elaboráronse o Proxecto Lingüístico de Centro e Proxecto Lector.

Os Plans de NLG, TICs, de Convivencia e Lector, están iniciados e continuarase coa súa elaboración os vindeiros cursos.

- Realizar e participar en actividades para a protección e conservación do medio ambiente.

Este curso, para a consecución deste obxectivo realizáronse as seguintes actividades: recollida selectiva do lixo nas aulas e no patio, conferencias sobre a flora e fauna do entorno a cargo de Federico de la Peña, plantación de hortalizas en macetas e actividades plásticas con material reciclado.

Nas páxinas seguintes sinálanse as principias actividades desenvolvidas polos distintos equipos de coordinación docente.

EQUIPO DE NORMALIZACIÓN LINGÜÍSTICA

O Equipo de Normalización e Dinamización Lingüística do C.E.I.P. Espiñeira –Aldán está formalmente constituído de acordo coa lexislación vixente. A súa programación de actividades para o presente curso foi aprobada polo Consello Escolar e enviada xunto coa programación xeral anual á inspección educativa. Ten xustificado convenientemente, en tempo e prazo, os gastos correspondentes á convocatoria do exercicio 2007 e os seus proxectos e actividades desenvólvense de acordo coa vixente normativa ortográfica e morfolóxica do idioma galego, fixada pola R. A. G. o 12 de xullo de 2003, respectando tamén a toponimia oficial.

O E.N.D.L. estivo constituído polos seguintes membros do profesorado: María Calviño Husillos, Milagros Lemos Molanes, Alfonso Marcos Fandiño, Mª. de la Soledad Trillo Nodar, Piedad Rúa Iglesias, Valentín Campos González e Xurxo Boubeta García, exercendo as funcións de coordinador este último.

Os integrantes do equipo recolleron e proporcionaron información aos seus respectivos ciclos sobre as diversas actividades a realizar. Naquelas reunións e actuacións que se considerou oportuno, como nos concursos ou na planificación de actividades, participaron normalmente todos os membros do Claustro.

O E.N.D.L. estivo aberto á participación doutros membros da comunidade educativa que, de xeito voluntario, quixeron cooperar en temas puntuais. Así contamos coa colaboración, tamén do resto do profesorado, do alumnado e as súas familias, persoal non docente, ANPA e outros membros desta comunidade educativa como asociacións culturais, veciñais, profesionais, musicais ou que traballan pola mellora do noso medio ambiente, para levar a bo porto moitas das actividades como a composición e impresión das publicacións escolares, exposicións de traballos realizados para os distintos concursos, para dar a coñecer publicacións diversas... charlas, conferencias, festivais, celebracións ou conmemoracións, recuperación e revalorización de tradicións como o Nadal, o Magosto, os Maios…

Procuramos volver a incorporar na nosa lingua aos membros desta comunidade educativa que, por causas das que non sempre son conscientes, permanecen apartados, ás veces mesmo de xeito un pouco intolerante. No máis fondo soe haber unha escasa valoración do noso, deste valioso patrimonio creado con amor, con ledicia, con saudade, con agarimo... polos nosos antepasados ao longo de centos de anos e que lles serviu para vivir, amar, sufrir, crer, soñar, evolucionar, desenvolverse... e soe haber unha baixa estima de nós mesmos, en moitas ocasións.

Entendemos que todo isto ten diversas causas. Non podemos esquecer que, durante longas épocas, a nosa lingua foi prohibida nas distintas institucións, desde os tribunais de xustiza ata as igrexas e as escolas, con todo tipo de violencias e astucias. Así foron convencendo a moitos de nós de que falar galego era falar mal, que eras máis valorado e ata máis "educado" se falabas en castelán... Menos mal, para este tesouro cultural extraordinario que constitúe unha lingua, que algúns de nós aínda razoamos e pensamos que:

- O vivir apostando pola cultura e pola lingua galegas, sen medos e sen complexos, fainos sentir máis nós mesmos, máis galegos e máis universais, xa que estimar e querer ao noso é unha formidable ventá aberta cara á valoración das linguas e das culturas dos demais pobos.
- Ten certa razón a sabedoría popular cando compón cantigas como**: "**O galego que non fala a lingua da súa Terra, nin sabe o que ten de seu, nin é merecente dela"...
- O que non se estima a si mesmo é moi difícil que poida apreciar, valorar e estimar aos demais...

Esta parroquia situada en zona rural e moi unida ao mar tivo tradicionalmente o galego como lingua habitual. A exclusión da nosa lingua dos ámbitos oficiais, especialmente da escola, acentuou un proceso

de castelanización que afectou á transmisión xeracional. Aínda así, o galego é hoxe unha lingua viva e, en boa medida, recoñecida como propia. O abandono é grande na xente nova, pero aínda neles permanece latente, sendo capaces de usalo e comprendelo. O noso medio é de maioría de persoas maiores galego-falantes, aínda que isto non se reflicte no alumnado, no que é lingua minoritaria. Este contraste podémolo atribuír a unha escasa valoración do idioma galego.

Por todo isto, de entre todos os previstos no plan xeral e no plan específico, o Equipo de Normalización e Dinamización Lingüística do C.E.I.P. Espiñeira-Aldán ten como obxectivo prioritario: **"Conseguir que os membros da comunidade educativa valoren positivamente o uso da nosa lingua galega, para que así poidan utilizala normalmente en todas as situacións".** Outros ***obxectivos*** son*:*

- Ampliar, potenciar, diversificar e optimizar os usos sociais da lingua galega en todos os ámbitos, especialmente conseguir un bo uso oral.

- Modificar actitudes e conseguir un cambio de imaxe que permita acadar cotas máis altas de prestixio para a lingua galega, desactivando prexuízos e estereotipos sociolingüísticos que aínda pesan sobre ela.

- Favorecer os contextos en que nos expresemos en lingua galega para adquirir así, a base de utilizala, unha boa competencia en galego.

- Contribuír, mediante a negociación e a persuasión co profesorado e o alumnado, a que se estenda o uso do galego oral e escrito en todas as materias ou áreas impartidas nesta lingua.

- Mantemento do uso da lingua no alumnado e demais persoas que teñan como lingua habitual o galego. Animalos, protexelos e apoiar a toda persoa que queira relacionarse en galego.

- Deseñar un repertorio de actividades baseándose na nosa realidade, englobadas en tres apartados principais:

    - Falar e escribir máis e mellor na nosa lingua galega.
    - Utilizar as novas tecnoloxías da información e comunicación en galego.

- Colaborar con outras entidades e centros educativos.

- Implicar a todos os axentes escolares nun mesmo proxecto de recuperación da lingua, integrando o seu uso na expresión da nosa realidade cotiá.

- Fomentar, con diálogo e consenso, o uso do galego en todas as actividades complementarias e demais actos que organice o centro. Relacionarnos coa ANPA, propoñéndolles que o galego sexa a lingua empregada nos seus actos e actividades que realiza co alumnado.

- Colaborar con ENDLs. doutros centros educativos: compartir experiencias e recursos, planificar actividades comúns, experiencias dinamizadoras conxuntas, traballar en rede...

- Cooperar con aquelas actividades a favor da normalización do galego que se realicen no noso contorno ou que nos inviten a participar.

Despois de observar a limitada utilización do galego por parte do alumnado, e que incluso unha parte deste chega falándoo, pero pouco a pouco vai diminuíndo o seu uso no rexistro informal, aplicamos diversas medidas tendentes a avanzar o máximo posible na consecución deses obxectivos.

Para protexer aos/ás galego-falantes que chegan ao centro e poñer ao noso gran de area para evitar a desaparición da nosa lingua, antes de nada, intentamos *predicar co exemplo.*

Utilizamos a lingua galega como oficial da vida administrativa do centro, nas relacións coa comunidade educativa e co noso medio, é dicir, falamos e escribimos en galego normalmente en toda a nosa relación diaria, cumprindo a lexislación vixente, que ademais nos manda formar persoas cunha competencia semellante nas dúas linguas. *Para corrixir o desequilibrio actual,* usamos o galego co alumnado e entre o profesorado, nas reunións coas familias, co persoal non docente, coa ANPA e coas diversas persoas, institucións ou entidades que veñen desenvolver calquera actividade no noso centro, ademais de levar a cabo *as múltiples e variadas actividades que se describen máis adiante* para intentar mellorar esta insatisfactoria situación.

Animamos ao profesorado e colaboramos todo o que podemos, para que o galego poida ser utilizado, sen os nosos complexos, como lingua vehicular no maior número de áreas, materias, situacións, reunións..., sempre no cumprimento da lexislación vixente. Así, **impartimos na nosa lingua as *áreas de coñecemento do medio, matemáticas e relixión*** *cos textos correspondentes,* ***educación física e educación musical.*** Ademais desenvolvemos moitas das nosas actividades en galego e arredor dun proxecto sobre o mar, xa que a relación da parroquia con este medio é moi importante.

O profesorado ten elaborado e utiliza un **libro de comprensión lectora** na nosa lingua a partir de centros de interese, da nosa realidade e da cultura galega, sobre todo desta zona, o que nos permite tamén afondar máis no coñecemento natural, social e cultural do noso medio. Tamén empregamos un caderno de cociña, para que a partir de receitas nosas poidamos aprender contidos das diferentes áreas, relacionándoos coa nosa cultura.

Como o dominio do galego é, maioritariamente, inferior ao acadado no castelán, intentamos responder ao mandado legal de formar cidadáns cunha competencia semellante nos dous idiomas oficiais. Para aumentar esta competencia lingüística dos membros da comunidade educativa, oralmente e por escrito, pretendemos que o alumnado utilice, e nós con el claro, máis e mellor o galego, porque sabemos que a competencia mellora canto máis se use a lingua, nas diversas situacións: dentro e fóra da aula e do contexto escolar, na familia, na sociedade... Quixemos axudar a recuperar a súa palabra a todas as persoas que, probablemente, non se decatan de que as deixaron sen a súa voz. Todos podemos ser axentes de normalidade cultural e lingüística, polo que intentamos levar á práctica *actividades dirixidas non só ao alumnado e ao profesorado, senón tamén ás nais e aos pais, ás avoas e avós, á comunidade educativa en xeral.*

Pedimos a colaboración de toda a comunidade educativa, incluso do persoal non docente e da ANPA, ofrecendo a nosa axuda e solicitando que as súas actividades e actos se realicen na nosa lingua, contribuíndo así á súa revalorización e recuperación. Só entre todas e todos podemos levar a bo porto a promoción do galego no ensino. Animamos ao uso normalizado da nosa lingua na atención ao público. Lembramos a necesidade da cooperación para transmitir unha visión positiva e normalizadora da nosa lingua, utilizándoa na relación cos pais, nais, outros familiares e tamén co alumnado.

Utilizamos todo tipo de publicacións na nosa lingua galega, estimulando a súa lectura e o seu uso. Para poder realizar este cometido, informámonos e dotámonos de recursos en galego que nos poidan axudar neste labor como cds e dvds con cantigas populares ou de autor, e películas con son na nosa lingua galega.

Propoñemos e colaboramos en todo tipo de concursos, campañas... que teñen como fin potenciar o uso da nosa lingua galega, así como a nosa realidade: cultura, historia, literatura, arte, xeografía, economía, etnografía...

Reflexionamos sobre a importancia que lle concedemos ao idioma galego: se hai un trato igualitario nos horarios de clase, nas cualificacións..., incluso se é bo que teña o mesmo ou mellor trato, na procura da recuperación e aumento da escasa valoración da nosa lingua con respecto ao castelán.

Damos a coñecer actividades, actos... relacionados coa realidade galega, así como todo tipo de obras en galego, xa sexan bibliográficas, fonográficas, audiovisuais, informáticas... mediante exposicións públicas os meses de maio e xuño.

Como o dominio da lingua galega segue a ser, maioritariamente, inferior ao acadado no castelán intentaremos colaborar todas e todos nesta tarefa normalizadora para diminuír os prexuízos que seguen levando a moitas persoas a usar o castelán cando se dirixen ás diferentes administracións, aínda que habitualmente usen o galego. Estes prexuízos lingüísticos son froito do longo proceso de discriminación que sufriu a nosa lingua galega durante varios séculos. É preciso apoiar o seu uso, tanto nos ámbitos cultos como no uso informal para a súa plena normalización. **Valoremos o feito de que temos un idioma propio como unha riqueza cultural que ofrecer ao mundo, asumindo a nosa responsabilidade como transmisores dunha lingua que nos foi dada, sabendo que a súa supervivencia depende de nós.** Poderemos medrar, asociando dun xeito natural o noso idioma ao mundo da administración, da organización e da xestión, estando máis preparados para asumilo na nosa vida diaria. Sinalaremos que onde se fai así, a maioría das persoas acaban retomando con normalidade a lingua que a maioría falaban na casa, ao seren atendidos en galego. Só coa cooperación de todos nós, o público que chega ao centro poderá darse conta de que a lingua galega tamén é perfectamente válida para organizar, administrar e xestionar un centro. Estivemos e estamos á súa disposición por se precisan calquera tipo de axuda ou apoio da nosa parte.

ACTIVIDADES

Esta comunidade educativa ten un compromiso, xa desde hai xa 8 cursos escolares, de continuidade das accións máis relevantes como son as* revistas escolares*,* das que xa van publicados 40 números, o certame de contos no mes de maio levamos varios anos realizándoo coa publicación dun libriño cos escollidos, os almanaques cun lema a favor da nosa lingua galega *varían podendo ser de parede, de mesa, marcapáxinas... pero aí están todos os decembros,* os adhesivos, o noso "Maio Cultural" *con actividades moi variadas que implican a toda a comunidade educativa, os intercambios teatrais e tamén de convivencia en galego con outros centros, as participacións en festivais, concursos e campañas que diversas asociacións ou institucións convocan sempre que teñan como fin promover o uso oral ou escrito da nosa lingua, os concursos en galego da biblioteca escolar, as exposicións co resume de cada personaxe da nosa cultura homenaxeado durante todos estes anos do "Día das Letras Galegas" e a da figura galardoada cada ano...

Procuramos realizar as actividades ao redor de diversos centros de interese e programando o momento da súa realización ao longo do curso escolar. Para acadar os obxectivos programados, intentamos levar a cabo as seguintes accións e actividades, que atenden preferentemente a:

1. FALAR E ESCRIBIR MÁIS E MELLOR NA NOSA LINGUA GALEGA.

- Felicitamos as festas do Nadal en galego. Todo o alumnado compuxo na nosa lingua cadansúa *felicitación*. Adquirimos vocabulario relacionado con esta época do ano e desenvolvemos habilidades de expresión dos

nosos sentimentos e bos desexos, personalizando este costume social de ofrecer postais de felicitación.

- Concurso para elixir debuxo e lema que ilustren o *almanaque de mesa 2008.* Melloramos o vocabulario relacionado e modificamos actitudes cara a conseguir un cambio de imaxe que permita acadar cotas máis altas de prestixio para a lingua galega, desactivando prexuízos e estereotipos sociolingüísticos que aínda pesan sobre ela.
- Elaboración de *2 novos números da nosa revista escolar "Orxás"*, para o que precisamos de diversos materiais funxibles, fotográficos, informáticos...
- Certame literario de contos entre o noso alumnado, coa correspondente *publicación dun libro* que reúne as obras literarias seleccionadas en cada aula para distribuír entre a comunidade educativa.
- Concurso de adhesivos con lemas para animar a usar máis e mellor a nosa lingua galega.
- Diversos concursos organizados en colaboración co equipo da biblioteca do centro nos que melloramos o uso oral e escrito do galego.
- Recollida de palabras ou expresións curtas entre as familias e xente maior da nosa zona, incluso refráns, ditos… Para que toda persoa puidese entender o seu significado ademais de rotular en letras grandes en cartolina, acompañouse dun debuxo e/ou definición sinxela ou sinónimos. Exposición con elas no corredor central do centro.
- Dotación de materiais audiovisuais con cantigas populares, poemas dos nosos principais poetas e cancións de autor para recitais, festas e celebracións escolares, películas para proxectar no centro e para as maletas viaxeiras...
- O noso "MAIO CULTURAL" de cada curso que contén actividades moi variadas pero sempre intentando mellorar os usos reais do galego en toda a nosa comunidade educativa.
- Actuacións con contos e xogos dramatizados que fixeron participar ao alumnado de xeito activo nestas actividades.
- Exposicións públicas para toda a comunidade educativa dos traballos elaborados polo alumnado para participar nos diversos concursos.
- Actuacións como unha entrevista dramatizada, diferentes traballos e exposicións sobre o autor homenaxeado este ano 2008 no Día das Letras Galegas, **Xosé María Álvarez Blázquez.**

2. UTILIZAR NOVAS TECNOLOXÍAS DA INFORMACIÓN E COMUNICACIÓN EN GALEGO.

- Uso das TICs para elaborar o calendario, as revistas escolares…
- Elaboración de materiais en galego (con mapas, moedas e billetes, froitos...) para as distintas materias con diversos programas como o **Java clic, Notebook...**
- Tratamento dixital das imaxes e impresión co fin de engadilas na confección das revistas escolares, murais das distintas celebracións, traballos de aula...
- Elaboración de presentacións de power point (PPS.) para traballar asociacións son – imaxe co alumnado.
- Dotación de software en galego e troco do pack de idioma do sistema operativo nos ordenadores do centro á nosa lingua galega.
- Utilización do canón de vídeo para fabricar decorados e títulos en lingua galega para obras de teatro, presentacións, narración de historias, ilustracións, festivais, charlas...
- Confección da páxina web do centro en galego como fonte de información, aprendizaxe, xogo, consulta…

3. COLABORAR CON OUTRAS ENTIDADES E CENTROS EDUCATIVOS

- O CEIP Abelendo e o CEIP Espiñeira- Aldán seguen cooperando como nestes anos pasados, co programa: "**Aprendemos e Xogamos en Galego"**. Colaboramos co centro educativo de infantil e primaria Abelendo, do Concello de Moaña, para potenciar experiencias comúns e máis amplas nos dous centros e intercambiar ideas e prácticas entre o profesorado e o alumnado. Os obxectivos principais foron:
  - Favorecer a comunicación no noso idioma.
  - Coñecer outras persoas co fin de desenvolver valores socioafectivos como interese, respecto, cooperación, comprensión...
  - Achegar ao alumnado dos dous centros á figura e á obra de **Xosé María Álvarez Blázquez**, mediante a dramatización dunha entrevista a el e a súa dona ademais de presentar ás súas fillas e fillos, recitación de poesías do autor, atopar os versos de tres poesías del e ordenalos nun taboleiro para o que tivemos que coñecer ben esas poesías…

  Tamén vimos exposicións sobre o mar, palabras e expresión curtas recuperadas, sobre o autor… e intentamos responder ben ás preguntas da **Actividade Polideportiva-Cultural** do programa de *deporte escolar galego da Xunta de Galicia.* Preparándonos para este xogo-concurso tivemos que aprender moito das distintas materias.

- Encontros variados coa nosa música tradicional e obradoiros de recuperación da tradición dos Maios en Aldán, contando coa presenza destacable do noso veciño o *"Ghaiteiro do Piñeiro"* e a participación doutros veciños.
- Promover o intercambio de experiencias e materiais como calendarios, adhesivos, revistas escolares,... mellorando a colaboración cos outros centros.
- Participación en diversos concursos e certames literarios colaborando con distintas institucións e asociacións.
- Colaboración con diversas editoriais e con Caixanova para que o alumnado asista fóra do centro e no propio centro a actividades de animación á lectura, teatro, concertos...
- Representacións teatrais do noso alumnado para o resto do alumnado e para as familias, e tamén participando en festivais teatrais.
- Participación no festival solidario celebrado no auditorio municipal de Cangas. Tendo este curso como centro de interese "O MAR" , continuamos coa campaña de confraternidade coa escola "María Soliño" da India, na que participamos o I.E.S. María Soliño de Cangas, o CEIP Cangas, CEIP Hío e CEIP Espiñeira- Aldán. Interpretamos cancións populares mariñeiras e dramatizamos un poema musicado do poeta Bernardino Graña "Canción para ir ao mar de pesca".

COMISIÓN DE COORDINACIÓN PEDAGÓXICA

O día 6 de setembro do ano 2007, reuniuse o profesorado do Centro co fin de constituír a Comisión de Coordinación Pedagóxica, elixir o/a secretario/a ; así como aos membros que formarán parte do Equipo de Normalización Lingüística e fixar o calendario de reunións que se celebrarán ao longo do curso.

A Comisión queda constituída polos seguintes membros:

Mª José Oliveira Antón (Presidenta), Mª Ángeles Viéitez Caramés (Secretaria), Carmen Tato Gil, Mª del Puerto Fdez Guiance e Lorenzo González Baceiredo.

O resto do profesorado adscríbese ao Equipo de Normalización Lingüística.

Fíxanse como días de reunión o terceiro martes de cada mes, en horario de 16:00 a 17:00 .

Nesta primeira reunión proponse como posible plan de traballo para o presente curso 2007-2008:

- Dirixir e coordinar a elaboración do PEC.
  Debido a que aínda non foi publicado o ROC, este obxectivo queda pendente para o vindeiro curso, en espera da publicación de dito documento.
- Elaborar o Plan de Convivencia.
  Comezouse a súa elaboración coa análise dos resultados das enquisas e test, realizados polo Departamento de Orientación, ao alumnado, profesorado e familias, para avaliar o estado da convivencia escolar e familiar e o grao de conflitividade.
  No vindeiro curso continuarase coa súa elaboración.

Ademais de traballar sobre os dous obxectivos anteriormente mencionados, debateuse sobre:

- O protocolo de actuación en caso de incumprimento das normas por parte do alumnado.

E elaborouse:

- O Plan de Acción Titorial.

MEMORIA DE EDUCACIÓN MUSICAL

Unha vez analizados os resultados da avaliación dos tres ciclos de Primaria, comprobamos os progresos do alumnado con respecto a si mesmos e tamén en relación ós obxectivos fixados a comezos de curso. Salientar tamén a participación, a boa disposición e o interese amosado polos nenos e nenas de cara a esta disciplina.

En Educación Infantil de 3 a 5 anos, os obxectivos xerais referíronse a disfrutar coa interpretación de cancións, ritmos moi básicos e movemento, así como tamén exercicos de relaxación e de "silencio" considerando a este como parte esencial da música. O repertorio escollido estivo relacionado coa música tradicional aproveitando tamén xogos, exercicios de xestos, ritmos... para traballar coas cancións.

No primerio ciclo destacar o avance dos alumnos na expresión rítmica e movemento, progreso na execución de esquemas rítmicos así como unha vivencia práctica do sentido do ritmo e a expresión corporal; destacar tamén a expresión vocal e o canto, os nenos aprenderon diversas cancións populares galegas de forma progresiva empezando polo intervalo de 2ª maior (sol-la) e avazando paulatinamente no ámbito da escala; na expresión instrumental remataron o ciclo controlando a execución de tódolos instrumentos de percusión de altura indeterminada, así como a "invención", creación e improvisación nos instrumentos corporais; sinalar

tamén o traballo no bloque de contidos correspondente á "Educación Audioperceptiva", discriminando timbres, traballando o oido e as alturas de sonido, primeiro co sonido pancromático e logo mediante intervalos de quinta, progresando ata chegar ó final de ciclo coa identificación de sonido pancromático en semitonos; tamén neste bloque se tratou ampliamente a audición, acompañándoa dun importante compoñente lúdico e de xogo.

En canto ó segundo ciclo é preciso diferenciar os distintos niveis; así no primeiro curso levouse a cabo un traballo de linguaxe musical, lectura de ritmo mediante actividades individuais e en grupo. Ó final do presente curso practicamente a totalidade de nenos e nenas eran capaces de discriminar, distinguir e ler esquemas rítmicos nos compases simples de 2, 3 e 4 partes incluíndo figuras e silencios; con este importante avance comenzarase o curso vindeiro coa aprendizaxe da dixitación e interpretación de melodías na frauta doce soprano. Ademais deste progreso na linguaxe musical tamén se traballou o oido (igual que no segundo curso do primeiro ciclo) así como distintas cancións tradicionais galegas. No segundo curso deste ciclo realizouse sobre todo unha importante evolución na interpretación de cancións coa frauta doce, o curso iniciábase con cancións de tres sonidos e finalizou cun ámbito superior á oitava.

Con respecto ó terceiro ciclo tamén é preciso diferenciar ámbolos dous niveis: no primeiro curso profundizouse no ensino da dixitación e execución de cancións coa frauta, con cancións máis complexas. Paralelamente a medida que aparecían novos conceptos musicais nas partituras, fóronse traballando.

No segundo curso deste ciclo tratáronse a modo de repaso tódolos conceptos básicos de linguaxe musical, así como a clasificación, discriminación e distinción auditiva dos instrumentos da orquestra. Estos temas considéranse como preparación do alumnado de cara á futura formación musical na E.S.O.

En relación as distintas celebracións, comentar que participou todo o alumnado do centro. Así temos que no festival de Nadal houbo cancións e a representación do conto do "Crebanoces" cun acompañamento instrumental da música que para o ballet instrumentou TChaikosky. Este conto foi narrador polo alumnado de 3º curso e acompañado polos nenos e nenas do 2º ciclo.

Destacar tamén a participación de todo o alumnado na festa do Maio. Neste curso recordouse a canción do Maio (recollida na parroquia en anos anteriores e arranxada e ampliada polo alumnado), e contado coa

axuda de José "o Ghaiteiro" e Pepe "o Peixe", preparamos esta festa tradicional e xa recuperada no centro. Neste curso saímos cantar pola parroquia vestidos de Maios, sendo deste xeito un dos poucos Maios Humanos que quedan en Galicia.

Tamén participamos no II Festival de Solidariedade coa escola María Soliño da India, aportamos dúas cancións tradicionais da zona cunha pequenas adaptacións e posta en escena propostas polo alumnado.

Estas cancións anteriores foron interpretadas tamén no Festival de Fin de Curso do centro.

EDUCACIÓN FÍSICA

En primeiro lugar, temos que felicitarnos porque, por fin, despois de moitos anos de peticións caídas en saco roto, durante o presente curso 2007-2008 deixou de entrar auga na estancia que temos no pavillón escolar para gardar o material de educación física. Esperamos que aínda que chova moito, non volvamos a atoparnos este lugar anegado de auga cos trastornos e danos no material que isto nos viña ocasionando. Tamén se repararon varias fendas que había na parte exterior das paredes do pavillón, para evitar aquelas pozas que se formaban porque baixaba a auga pola parte interior das paredes. Levan varios meses sen aparecer, e agardemos que isto dure para ben das moitas persoas, que utilizan o pavillón. O que temos que seguir solicitando é un pouco máis de respecto polos recursos como as colchonetas ou os bancos suecos, que quedan fóra do cuarto do material, entre outras razóns, porque non nos caben dentro. Sabemos que son casos excepcionais, que a maioría usa os materiais axeitadamente, pero os responsables das asociacións ou clubs teñen que controlar o que fan aqueles a quen deixan entrar, pois ultimamente apareceron algúns materiais danados.

O noso principal obxectivo segue estando relacionado coa solución dos problemas de conduta que se producen cando se leva á práctica ese principio tan estendido de que o máis importante é gañar, e importa moito menos como se gañe. Probablemente veña derivado en boa parte daquel outro que di que o fin xustifica os medios, do que podemos ter abundantes exemplos nas noticias diarias. Por iso, os avances vanse notando, pero máis amodo do que desexamos. Nos restantes criterios correspondentes ás actitudes, valores e normas atopamos melloras importantes na maioría do alumnado, tanto no respecto ás súas compañeiras e compañeiros, ao profesor e ás persoas en xeral, como tamén ás restantes normas de clase, producíndose un comportamento correcto, con moi contadas excepcións. Sen baixar a garda neste terreo,

pensamos seguir cuestionándonos se aceptamos e valoramos as características propias e das persoas que nos rodean, se colaboramos cos compañeiros e tamén coas compañeiras sen discriminar segundo o seu sexo, se lle damos a enorme importancia que ten toda persoa, aínda que non xogue ben a isto ou a aquilo... Sabemos que este problema está estendido na sociedade en que vivimos e vese favorecido polos encontros deportivos que ven máis, sobre todo na televisión (fútbol, balonmán, baloncesto, fútbol sala...) Para diminuír o seu influxo insistiremos no respecto polas regras dos xogos para organizarse e desenvolvelos, así como na importancia de actuar co coidado necesario para non facernos dano na práctica das actividades físicas. Sempre con actitude construtiva, podemos avisarnos deses comportamentos pouco respectuosos ao deixarnos levar só polo vencer, dá igual como. Seguiremos lembrando que "máis importante que gañar é ser amig@s e axudar", que se sempre gañan as mesmas persoas non se senten ben as que perden sempre ou case sempre... Continuaremos introducindo técnicas e xogos cooperativos e modificados para axudar a mellorar as relacións entre os membros do grupo-clase, incidindo en que todos estamos no mesmo equipo, no mesmo barco, aínda que ás veces xoguemos en equipos distintos e teñamos que darlle a "pita" ou evitar que colla a pelota… pero seguimos sendo amig@s.

No tocante ao resto de obxectivos, as avaliacións dos tres ciclos de primaria amósannos os progresos do alumnado, cada un/unha respecto de si mesm@, en aspectos concretos establecidos nos criterios de avaliación. Mencionaremos entre os apartados máis destacables o avance en actitudes e hábitos de conduta importantes como asistir á clase coa equipaxe axeitada (zapatillas deportivas, chándal ou camiseta e pantalón cómodos...), no cumprimento das normas hixiénicas traendo xabón e toalla para asearse e camiseta para cambiarse, no respecto polo material e as instalacións; na participación, dentro das súas posibilidades e esforzándose por mellorar estas...Os que máis tempo e esforzos supuxeron foron os que teñen que ver co respecto polas demais persoas e, nalgúns casos, o respecto polo material, que algúns repiten que é de todos, pero iso non é razón para poder estragalo. Aproximadamente unha cuarta parte do alumnado amosan moita diferenza de interese entre a realización de xogos ou actividades predeportivas e cando se trata de probas ou tests psicomotores.

Durante o curso 2007-08 o alumnado de educación infantil volveu ter dúas sesións de vintecinco minutos cada sesión á semana, que aínda resultan insuficientes para realizar as actividades incluídas na súa

programación. Mencionar que a maioría do alumnado do grupo de tres anos integrouse sen grandes dificultades. A mellora na participación e nas relacións entre eles puido deberse a que viñan sempre acompañados do grupo de catro anos. Destacar o gusto da maioría do grupo de cinco anos en actividades de desenvolvemento da coordinación e das capacidades físicas, sobre todo na resistencia, na axilidade e na velocidade, maior nos nenos que nas nenas, con contadas particularidades. Tamén houbo progresos significativos nos equilibrios, estático e dinámico, nas nocións topolóxicas básicas, no ritmo e na expresión corporal.

Con relación ao primeiro ciclo, salientamos que a maioría do alumnado do primeiro curso de primaria amosou moitísimo interese, sobre todo nas actividades que desenvolven as capacidades físicas básicas como a resistencia, a axilidade e a velocidade. Isto trouxo consigo un progreso notable nelas e tamén nas nocións topolóxicas básicas, equilibrios estático e dinámico e nos xiros. Procuraremos seguir insistindo en tarefas encamiñadas a mellorar á concentración nas actividades de relaxación e volta á calma, ao ritmo e á expresión corporal, porque son moi activos, queren gañar sexa como sexa e teñen pouco autocontrol.

Polo que se refire ao segundo ciclo destacamos os avances xeneralizados na axilidade, na flexibilidade e na resistencia, no bote e no pase, lanzamentos e recepcións, nos xiros, na organización espacial con relación á posición das outras persoas e nos equilibrios estático e dinámico, mentres o ritmo e a expresión corporal cústanlle moito á maioría do alumnado de xénero masculino e seguiremos afondando no labor de melloralos.

Con respecto ao terceiro ciclo, resaltamos o desenvolvemento global das capacidades físicas, especialmente a flexibilidade, a velocidade, a resistencia e a axilidade, así como o coñecemento das principais regras dalgúns deportes e a súa práctica. Tamén a importancia de realizar un bo quecemento con exercicios de mobilidade articular, de estirada ou estarricamento, os lanzamentos e as recepcións, o bote e o pase, os equilibrios estático e dinámico, as relacións dunha alimentación equilibrada e da práctica correcta do exercicio físico coa mellora da saúde e a identificación como valores fundamentais das actividades deportivas, o esforzo persoal e as boas relacións co grupo, máis que os puramente competitivos. Non podemos esquecer este campo, pois a mesma dinámica dalgunhas actividades, sobre todo deportivas e predeportivas, leva nalgúns casos, a actitudes de desprezo, baixa valoración, non querer ir en grupo con persoas do outro sexo ou cos menos favorecidos nalgunhas capacidades, destrezas, desenvolvemento psicomotor...

Baseándonos nisto, consideramos necesario seguir afondando nas técnicas e xogos cooperativos que nos permitan progresar nas relacións de compañeirismo e comprensión dos demais, desenvolvendo ao máximo as súas capacidades como persoas. Tamén profundaremos na mellor utilización dos recursos expresivos do corpo e no ritmo, ao que soen ser remisos a maioría do alumnado de xénero masculino, sobre todo no apartado de danza ou baile. Non podemos esquecernos da conveniencia dun bo quecemento, das actividades de relaxación e volta á calma e da responsabilidade na práctica da actividade física e dos coidados e medidas que temos que adoptar para evitar facer dano a nós mesmos ou aos demais.

Destacar tamén a participación dunha parte do alumnado en diversas actividades e competicións deportivas organizadas polo concello ou diversos clubs e asociacións. Así, recibimos a varios monitores do club "Balonmán Cangas" para comprobar as destrezas do noso alumnado, felicitáronnos e invitaron a moit@s a participar en diversos eventos organizados por ese club. Tamén contamos coa súa axuda na celebración, por terceiro ano consecutivo do día de convivencia co CEIP de Abelendo. Para preparar as actividades deste día, moi boa parte do alumnado de 3º a 6º cursos aprendeu as preguntas correspondentes ao seu nivel da **Actividade Polideportiva-Cultural** do programa de *deporte escolar galego* da Xunta de Galicia. Aínda que dispuxemos de pouco tempo a experiencia resultou agradable e positiva. Educación infantil e os primeiros cursos de educación primaria sobresaíron pola súa participación en diversas carreiras escolares que se celebraron na zona. Tamén temos que salientar o noso cros "Letras Galegas 2008", no que organizamos para todo o noso alumnado carreiras variadas segundo o seu ano de nacemento, con entrega de medallas para tod@s @s participantes.

No que respecta aos hábitos de hixiene que inclúen traer o xabón e toalla para asearse, así como unha camiseta limpa para cambiarse despois de realizar actividade física, van mellorando, con escasas excepcións, e incluso o alumnado de primeiro de educación primaria levou a cabo esta rutina sen moitos problemas e progresando a medida que avanzaba o curso escolar.

INFORMÁTICA

Obxectivos acadados:

Por medio das actividades de informática, ó longo deste curso 2007-2007, acadáronse os seguintes obxectivos:

- Potenciáronse nos nenos e nenas as capacidades de razoamento, análise e síntese.
- Reforzouse e consolidouse o proceso de ensino-aprendizaxe das distintas áreas do currículo da educación infantil e primaria no noso centro por medio das ferramentas informáticas.
- Proporcionáronselle ó alumnado novos recursos para organizar as súas estruturas lóxico-mentais.
- Empregáronse as redes de comunicación para compartir os recursos dos ordenadores e acceder ós servizos de internet. (Correo electrónico, messenger...)
- Iniciáronse e/ou reforzáronse no alumnado as súas capacidades para manexar ferramentas informáticas coa finalidade de favorecer unha educación máis integral e preparalos de acordo coas esixencias da sociedade tecnolóxica en que vivimos.
- Coñeceuse o ordenador de xeito xeral, a súa parte "física" (teclas, botóns, ...) e saber qué é cada cousa, para que serve e como usala.
- Aprendeuse a manexar o "software" instalado, tanto aspectos básicos do sistema operativo, como procedementos para manexar distintos programas e xogos educativos preinstalados nos equipos.
- Aplicaron os seus coñecementos nas distintas áreas do currículo para supera-los xogos didácticos e actividades que o mestre lles propón. Deste xeito a informática serve de reforzo e/ou ampliación como unha ferramenta máis ó servizo das distintas áreas do currículo.

Os programas que manexan os nenos son de libre distribución e abarcan aspectos das áreas de linguas, matemáticas, coñecemento do medio, música e inglés para todo tipo de rapaces desde educación infantil ata 6º de primaria.

Outra das tarefas que se desenvolveron foi o mantemento dos equipos informáticos, solucionando os problemas que se puideron presentar tanto a nivel "hardware" coma "software".

Medios técnicos:

Para a realización das actividades contamos cunha aula de informática dotada con 12 ordenadores, unha pantalla dixital interactiva, un proxector, dúas impresoras (unha delas multifunción sendo ademais de impresora, escáner e fotocopiadora).

Neste curso instalouse un ordenador en cada unha das aulas de E. Infantil e E. Primaria e acceso a internet nas aulas de E.I., 1º ciclo e 6º de Educación Primaria. No curso vindeiro rematarase de instalar o acceso a internet nas aulas restantes.

Tamén se incrementou a dotación de ordenadores portátiles sendo na actualidade de catro.

Desde principios do ano 2002 gozamos de conexión a Internet , con acceso á rede para apoio á aula e outros servizos coma correo electrónico.

Páxina web

Neste curso tamén puxemos en funcionamento a páxina web do centro. Para isto entramos a formar parte do proxecto de webs dinámicas creada pola Consellería de Educación. Este proxecto basicamente consiste na instalación e configuración de catro ferramentas web que son:

- Drupal, como xestor de contidos: web do centro.
- Moodle, como aula virtual.
- Coppermine, como galería de imaxes.
- PhpWebQuest, como asistente para a creación de Web-Quest, actualmente en actualización.

De momento as ferramentas que puxemos totalmente en funcionamento son Drupal e Coppermine ou sexa, a páxina web como web do centro e a galería de imaxes como xestor de fotos feitas durante este curso. A nosa idea é continuar para o curso que ven dándolle unha maior publicidade e proxección á páxina para que sexa usada e consultada pola maior parte da comunidade educativa. Consideramos que para o curso vindeiro necesitariamos un maior dominio destas ferramentas, unha maior formación tamén para o profesorado e contar cun número de sesións maior para manter “ó día” e sempre actualizada o noso portal.

Aquí incluímos un pequeño esquema do que nos podemos atopar na nosa páxina:



Proxectos

Neste curso tamén elaboramos e presentamos un proxecto de innovación para un uso educativo das tecnoloxías da información e a comunicación para o curso 2008-2009. A nosa aportación a esta innovación ven dada polas UDIs ou Unidades Didácticas Interactivas.

As UDIs son Unidades Didácticas Interactivas creadas polo profesorado do centro e que servirán como complemento ás actividades curriculares do curso. Estas UDIs están construídas cos contidos que o

profesorado estima oportunos, secuenciados por ciclos e con enlaces a outras páxinas webs que queremos que o alumnado consulte. A presentación destas páxinas permite incluír textos, imaxes e o máis novedoso: vídeos. Ademais completamos este material cunha *caza do tesouro* ó final de presentar os contidos. Estas cazas servirán para que o alumnado repase os contidos, busque respostas, ou incluso pode chegar a servirnos de avaliación.

Internet é un universo infinito de información onde o alumnado na percura da mesma adoita perderse e como consecuencia, a miúdo, desmotivarse. As UDIs vanlle permitir ao alumnado un acceso rápido, certeiro e axeitado á idade, aos datos, imaxes ou contidos que precisa pois a escolma foi feita previamente polo profesorado. Do mesmo xeito este selecciona os contidos que realmente lle interesa traballar co seu grupo de alumn@s e desbota aqueles que lle resultan superfluos evitando así programas recargados, rendabiliza o tempo e consigue dinamizar as aprendizaxes na súa aula.

Por outro lado as UDIs compleméntanse con actividades individuais lúdicas ao mesmo tempo que didácticas e por tanto altamente motivadoras como son as "Cazas do tesouro", "webquest" e "miniquest".

Comezamos tamén neste curso a elaborar o proxecto TIC do centro. Como paso previo realizamos unha enquisa ao profesorado do centro para constatar a preparación destes nas novas tecnoloxías, a análise dos resultados recóllense no proxecto. Esperamos para o curso vindeiro continuar coa elaboración deste proxecto.

LINGUA INGLESA

Neste curso un dos obxectivos marcados ao principio del foi o afianzamento do vocabulario e da gramática usando a Aula de Informática: CDs ,páxinas de Internet e o encerado dixital.

Dicir que este obxectivo acadouse satisfactoriamente e o alumnado mellorou moito na escritura do vocabulario. Ademais de mellorar disfrutaron e agardaban esta actividade que se realizou nunha sesión semanal en todos os cursos da Primaria.

No 3º ciclo de Primaria traballouse nesta aula tamén a gramática a través de exercicios seleccionados de distintas páxinas de Internet.

En EI de 4 e 5 anos tamén usaron CDs para a adquisición de vocabulario con exercicios de colorear ,unir…e unha sesión semanal usáronse videos.

Da páxina de Contidos Educativos da Xunta de Galicia traballamos con dúas aplicacións : "English for little children"e "Internet na aula", en EI e o 1º ciclo de EP.

Con respecto aos obxectivos mínimos só un alumno do 2º curso do 2º ciclo de EP non os acadou.

Resaltar a actitude e o interese amosados pola maioría do alumnado cara esta área.

ATENCIÓN EDUCATIVA

Ao longo do curso, os alumnos/as que non asistiron ó ensino de Relixión, participaron nas seguintes actividades de Atención Educativa con repercusión directa na vida do Centro, tales como:

- Actividades de Biblioteca.
- Actividades de desenvolvemento da intelixencia e reforzo das técnicas instrumentais.
- Xogos de estimulación da lóxica a través do ordenador.
- Educación en Valores.

MEMORIA BIBLIOTECA

O Equipo de Biblioteca estivo constituído pola encargada e o equipo de apoio de dúas persoas. A encargada, dispoñía dunha única hora de dedicación á xestión Biblioteca e outra hora dedicada á animación á lectura,debido á aplicación da Orde do DOG 24/7/08, ode se contempla o novo horario lectivo do profes. O equipo de biblioteca reuniuse os martes, cunha periodicidade quincenal, coincidindo no día de reunión de Equipos de Ciclo.

Os titores foron os encargados de levar aos alumnos e atendelos na biblioteca, manexando o programa informático. Para isto dispuxeron dunha sesión semanal en horario lectivo, que utilizaron para animación á lectura e para os préstamos. A biblioteca tamén fixo préstamos ás clases para dotar a biblioteca de aula. Estes libros cámbianse cada mes ou trimestre, dependendo das necesidades de cada ciclo ou curso. Tamén os demais membros da comunidade educativa puideron facer uso do carné de biblioteca e así efectuáronselle os préstamos

O horario de funcionamento da biblioteca foi, polas mañás de 9:30 a 14:30 polas tardes, de 16:30 a 17:30.

Outra das intervencións foi a renovación do aspecto da biblioteca. Xa levabamos uns anos tentando ampliar os andeis, e aínda

así, resultaban insuficientes e supeditábanos enormemente a xestión e organización dos fondos da nosa biblioteca. Este ano, realizando un gran esforzo orzamentario, decidímonos a facer unha substitución total dos andeis. Tamén aproveitamos para facer un pintado de paredes con cores máis vistosas para darlle un aspecto máis agradable. Para acometer estas dúas obras contamos coa colaboración do Concello que aportou a man de obra . Para o vindeiro ano esperamos poder continuar con este labor , engadindo expositores, poñendo cortinas que nos permitan filtrar á luz sen ter que baixar as persianas, colocando asentos máis informais e cómodos.

Ata este ano a biblioteca estaba informatizada co programa BIBLIO V.4 64. Agora xa se instalou o novo programa MEIGA co que xa realizaremos os préstamos no vindeiro curso. No último trimestre, o servizo de préstamo estivo interrompido para acometer as obras anteriormente mencionadas. Sen embargo, isto non foi obstáculo para continuar cos préstamos á biblioteca de aula e, dende alí, aos préstamos individuais. Este tamén foi un dos cambios máis importantes iniciados este ano e que vai durar un tempo ata que adaptemos os fondos existentes á nova catalogación no MEIGA.

Con esta finalidade, dous membros do equipo de biblioteca, formaron parte de dous grupos de traballo con outros centros da zona, nos que se traballou co programa MEIGA e tamén cos distintos sistemas de catalogación de fondos segundo a CDU .

ACTIVIDADES

Formación de usuarios

- ✓ Confección do carné de biblioteca para alumnado novo.
- ✓ Ensinarlles a buscar os libros apropiados a súa idade.
- ✓ Aprender as normas a seguir na biblioteca.
- ✓ Axudar a colocar un conxunto de libros da biblioteca no seu lugar correspondente.
- ✓ Buscar tódolos contos que trataban sobre un tema dado: o mar.
- ✓ Buscar os títulos do autor homenaxeado nas Letras Galegas .
- ✓ Colocación de indicadores para acceder á Biblioteca.

Act. Localización da información:

- ✓ Localizar doadamente: Nome do autor/ilustrador,Título, Editorial, Colección,Índice/sumario.
- ✓ Localización do número de rexistro.

- ✓ Buscar libros da mesma colección que un libro dado. (E. I))
- ✓ Xogar a adiviñar cal é a portada e cal a contraportada. (E. I.)

Fomento da lectura

- ✓ Celebración do Samaín. Participación do alumnado de EP nun concurso de comprensión lectora sobre a historia desta festa e representación teatral do conto Cabaciña polo alumnado de 6º.
- ✓ Adaptación ao galego, proxección das ilustracións , gravación en off da narración e acompañamento musical da obra o Crebanoces.
- ✓ Elaboración de guías coas recomendacións de libros para o Nadal.
- ✓ Sesión de contacontos ao para os distintos ciclos de E.P.
- ✓ Web de consulta para os traballos sobre os peixes.
- ✓ Recompilación de material para a exposición sobre o mar.
- ✓ Celebración do Día do Libro e a elaboración dun tríptico informativo para as familias.
- ✓ Participación do alumnado de 2º e 3º ciclo nas charlas sobre " A flora e fauna do noso entorno", organizada pola Deputación Provincial.
- ✓ Acollida da exposición sobre a Flora e fauna da Lagoa de Massó e divulgación dun libriño co contido da mesma.
- ✓ Procura de fondos (libros de poemas, narracións, enciclopedias…) empregados para a realización de distintas actividades de carácter literario.
- ✓ Audición dun conto en varias sesións.
- ✓ Participación na elaboración dos murais nos corredores.
- ✓ Mochilas viaxeiras e adquisición de fondos para as familias.
- ✓ Charla e proxección DVD "A pesca do bacallau",a cargo dun veciño
- ✓ Proxección de flash sobre as artes de pesca.
- ✓ Colaboración co I.E.S Mª Soliño no Festival, con poemas aportados pola biblioteca do centro.
- ✓ Libro fórum, este ano coa obra de Platero y Yo.
- ✓ Participación no certame de contos.
- ✓ Presentación das novidades na revista e tamén na Web.

Publicacións

- ✓ Entrega de trípticos informativos para as familias.
- ✓ Colaboración coas Bibliotecas parroquiais na Semana do Libro.
- ✓ Participación na revista do cole ORXÁS. .

CEIP ESPIÑEIRA-ALDÁN

EQUIPO DE ACTIVIDADES COMPLEMENTARIAS E EXTRAESCOLARES

Ao comezo do curso quedou constituído este equipo coa totalidade do profesorado do Centro e coordinado pola profesora Soledad Trillo Nodar.

Acadáronse satisfactoriamente os obxectivos marcados para o presente curso.

O alumnado participou en tódalas actividades e festivais realizados ao longo do curso:

- Celebración de Halloween e Samaín.
- Preparación da Festa do Magosto.
- Participación no calendario do Nadal.
- Festa de Nadal.
- Celebración do Día da Paz.
- Preparación da Festa do Entroido con desfile pola Parroquia e merenda.
- Celebración do día do Libro: Exposición de libros e contacontos a cargo da editorial EDEBE
- Celebración do "Maio Cultural"con diversas actividades ao longo do mes:
  - ✓ Celebración dos "Maios":obradoiros con flores, para facer adornos florais e maios humanos e desfile dos mesmos pola Parroquia.
  - ✓ V Certame de contos.
  - ✓ Exposicións: traballos de Artística , artes de pesca, palabras galegas en desuso e carteis e fotografías alusivas á vida e obra do autor homenaxeado nas Letras Galegas.
  - ✓ III Xornada de convivencia entre o alumnado do centro e o de Abelendo.
  - ✓ Sesión de contacontos a cargo da editorial Anaya.
  - ✓ Cross escolar.

- Charla Coloquio:
  - ✓ "Flora e fauna do noso entorno" a cargo de Federico de la Peña."
  - ✓ "A pesca de altura" por Don Antonio Carballo.

- Participación nas Xornadas de Interculturalidade organizadas dende o Concello de Cangas para o 2º e 3º ciclo de Primaria: contacontos do mundo.
- Participación no festival solidario coa escola "María Soliño" da India no Auditorio de Cangas.
- Celebración do Festival e festa de Fin de Curso.
- Xornada de convivencia coas familias para despedir o curso coa actuación do dúo "Codia e Miolo".
- Realizáronse tamén as saídas extraescolares propostas no P.X.A. que foron:
  - ✓ Actividades culturais organizadas por Caixanova en Vigo
    - o e Pontevedra .
  - ✓ Ao entorno: Ao Auditorio de Cangas para ver obras de teatro, espectáculos de monicreques e maxia.., á carballeira de San Amaro, á fraga de Coiro.
  - ✓ Viaxe para visitar as Terras do Deza (EI, 1º e 2º ciclos)
  - ✓ Viaxe Fin de Curso do 3º ciclo a Manzaneda.

EQUIPO DE EDUCACIÓN INFANTIL

INTEGRANTES:

- **Carmen Tato Gil (coordinadora)**
- **Soledad Trillo Nodar**
- **María Calviño Husillos**

ACTIVIDADES A REALIZAR AO LONGO DO CURSO

- Reunión coas nais e pais do alumnado, ao principio de curso,para facilitar o calendario de incorporación do alumnado de 3 anos e informar sobre as normas básicas a ter en conta e das actividades previstas ao longo do curso.
- Realización dunha saída,xunto co alumnado de 1º e 2º de Primaria para visitar a carballeira de San Amaro.
- Participación no Magosto.
- Realización dunha saída ao Auditorio de Cangas para ver unha obra de teatro infantil chamada " Ai, que ven o lobo "
- Participación nas actividades de celebración do Samaín.

- Participación na festa do Nadal cunha panxoliña titulada "Buscando unha estrela".
- Participación nas actividades do Día da Paz
- Elaboración dos disfraces (amorodos) para participar na celebración do Entroido.
- Elaboración de traballos para colaborar coa revista escolar "Orxás".
- Realización de actividades para a realización dun conto de aula que forme parte do certame de contos do colexio que ten lugar no mes de Maio.
- Asistencia e participación na conferencia sobre "Artes de pesca".
- Saída a Cangas para ver ao grupo de teatro infantil Tanxarina coa obra "Titiricircus".
- Participación nas actividades da semana do Maio Cultural.
- Saída ao auditorio de Cangas para ver a obra "Glug, glub, glub"
- Preparación dunha obra de teatro para a súa representación no festival de fin de curso co nome de " A historia dunha semente" xunto cunha canción titulada " A primavera".
- Participación na excursión de fin de curso xunto con 1º e 2º ciclo, visitando unha eira de hórreos, unha granxa de vacas, o mosteiro de Carboeiro, o museo da Estrada, os xardíns do Pazo de Oca …..
- Asistencia a xornada de convivencia de toda a comunidade escolar para despedir o curso.

EQUIPO DO PRIMEIRO CICLO DE PRIMARIA

INTEGRANTES:

- **Alfonso Marcos Fandiño**
- **Ángeles Viéitez Caramés (Coordinadora**)
- **Xurxo Boubeta García**

Ó longo do presente curso o alumnado do **Primeiro Ciclo** realizou as seguintes actividades:

1º TRIMESTRE

- Fixo unha saida a pé á carballeira de San Amaro.
- Participou na festa do "magosto"
- Celebrou a festa do "**Samaín**" (disfraces, decoración de cabazas...)

- Saeu ao teatro ao Auditorio de Cangas para ver un espectáculo de maxia.

- Participou nas actividades para celebra-lo nadal :
  - ✓ Concurso de postal e lema.
  - ✓ Canción no festival "Buscando Papá Noel"

2º TRIMESTRE

- Realizou actividades para lembrar o "**Día da Paz**".Actividades na aula (lectura de contos e poemas alusivos á data) e actividades conxuntas : confección dunha pomba de ás tapizadas con follas de árbores autóctonas coa foto de cada membro da comunidade educativa:alumnado,profesorado e conserxe; recitado dun poema colectivo composto con versos feitos polos neno/as.
- Preparou disfraces de laranxas e limóns para o desfile do "entroido".
- Desfilou co seu disfrace polas rúas de Aldán co gallo do "entroido".
- Saíu a Pontevedra para asistir á representación teatral "Que viene el lobo" no auditorio CAIXANOVA e para visitar o museo da cidade.
- Plantou en macetas diversas hortalizas e legumes: patacas,chícharos…

3º TRIMESTRE

- Colaborou nas exposicións sobre o mundo mariño :artes de pesca,algas,traballos plásticos…
- Participou nas actividades lúdico-festivas organizadas polo Centro co gallo da xornada de convivencia no colexio de Abelendo (Moaña).
- Participación nas actividades do "maio cultural":
  - ✓ Obradoiro de "maios" ó 1º de maio.
  - ✓ Exposición de traballos plásticos.
  - ✓ 5º certamen de contos CEIP. ESPIÑEIRA.
  - ✓ Cross escolar.
  - ✓ Contacontos de EDEBE e de ANAYA.

- Acudiu ao Auditorio de Cangas en dúas ocasións para ver as representacións teatrais.

- ✓ "Titiricircus" do grupo TANXARINA
- ✓ "Baby Glub" do grupo GALITOON

- Participou no festival solidario coa escola "María Soliño" da India no Auditorio de Cangas.
- Participou no festival "FIN DE CURSO" recitando o poema de Álvarez Blázquez :"Para que queres ise barco".
- Participou na excursión ás terras do Deza xunto co alumnado de EI e 2º ciclo.
- Participou na festa fin de curso :espectáculo de codia e miolo e xantar.

Así mesmo ó longo do curso o alumnado de primeiro ciclo colaborou na confección da revista escolar "ORXAS" aportando os seus traballos (contos, debuxos, poemas, crónicas...) e fixo uso da Biblioteca escolar non só a través do préstamo ordinario e semanal , senón tamén disfrutando das"maletas viaxeiras".

EQUIPO DO SEGUNDO CICLO DE PRIMARIA

INTEGRANTES:

- ➢ Mª del Puerto Fernández Guiance (coordinadora)
- ➢ Milagros Lemos Molanes
- ➢ Mª José Oliveira Antón

Durante o presente curso se realizaron, en xeral, as actividades programadas tanto escolares como extraescolares.

Ao longo do curso participouse: Magosto, Festival de Nadal, Entroido, Mes cultural de Maio, Letras Galegas,no festival solidario coa escola Mª Soliño da India, coa revista Orxás, co Certame de contos, coa postal de Nadal, concurso de adhesivo,…

1º TRIMESTRE:

- Actividades para a celebración do Samaín.
- Celebración do magosto, con xogos cooperativos.
- Saída a Fraga e Muíños de Coiro para un mellor coñecemento do entorno:flora e actividades arredor dos muíños e os distintos tipos

e fontes de enerxía que utilizaban, así como o uso e importancia que tiveron ata fai pouco.

- Visita ó Auditorio de Cangas para un espectáculo de "MAXIA".
- Participamos nunha charla coloquio, de Federico de la Peña, sobre fauna e flora galega no outono.
- Actividades para festexar o Nadal:
  - ✓ Concurso do debuxo para o calendario escolar.
  - ✓ Festival do Nadal: baile da muiñeira e representación do conto musical "o Crebanoces"

2º TRIMESTRE:

- Actividades para celebrar o Día da Paz.
- Participación no desfile do Entroido, con todo o alumnado e profesorado do Centro, cuns disfraces de froitos.
- Saída a Vigo para presenciar "MÚSICA PARA TODOS"no auditorio de Caixanova. A continuación fixemos unha visita guiada ó Museo do Mar.

3º TRIMESTRE:

- Participación nas actividades, organizadas polo Centro, con motivo da xornada de convivencia que se realizou conxuntamente co C.E.I.P. de Abelendo. Este ano adicado a Xosé Mª Álvarez Blázquez, autor homenaxeado no Día das Letras Galegas.
- Participación no 5º certame de contos.
- Participación nas actividades do maio cultural:
  - ✓ Obradoiro de Maios.
  - ✓ Cross escolar.
  - ✓ Exposicións de traballos realizados na aula de plástica.
  - ✓ Exposición dunha maqueta de batea e diversos utensilios de artes de pesca e Peixes,...
  - ✓ Con motivo do centro de interese "O MAR", recibimos a visita de Don Antonio Carballo que nos dou unha conferencia coloquio sobre a pesca do Bacallau, que resultou moi interesante.
  - ✓ Charla coloquio a cargo de Federico de la Peña para falarnos dos animais do verán e as súas picaduras, prevención das mesmas e desfacer lendas sobre os mesmos.

- ✓ Contacontos do mundo para sensibilizar aos alumnos da problemática doutros nenos do mundo.
- ✓ Participación no festival solidario coa escola Mª Soliño da India.

- Saídas:
  - ✓ A Caixanova en Pontevedra onde asistimos a representación da obra "Grim-Grim". E percorrido polo roteiro de Castelao.
  - ✓ Ao Auditorio de Cangas:
    - o Espectáculo sobre Educación Viaria.
    - o Tanxarina e a súa representación de Titiricircus.
  - ✓ Saída de fin de curso, a Terras do Deza: Cerdedo (Pedre) Silleda (visita a un centro gandeiro e ó mosteiro de Carboeiro), pazo da Oca e o museo Etnográfico da Estrada.

Tamén ao longo do curso contamos coa colaboración das editoriais Anaya e Edebé con contacontos.

As saídas foron conxuntas con outros ciclos para abaratar os costos ás familias.

EQUIPO DO TERCEIRO CICLO DE PRIMARIA

INTEGRANTES:

- ➢ Lorenzo González Baceiredo (Coordinador)
- ➢ Piedad Rúa Iglesias
- ➢ Ana María Hermelo Pousa

Ao longo do presente curso (2007-2008) o alumnado do Terceiro Ciclo realizou as seguintes actividades:

1º TRIMESTRE:

- Saída o entorno para visitar os Muiños e a Fraga de Coiro.
- Actividades para a celebración da festa do "Samaín":
  - ✓ Representación teatral do conto "Cabaciña".
- Saída o Auditorio Municipal de Cangas para ver un espectáculo de Maxia.
- Celebración do Magosto:
  - ✓ Asado de castañas.
  - ✓ Xogos `populares.

- Actividades para festexar o Nadal:
  - ✓ Festival de Nadal: Representación dunha obra de teatro a cargo do alumnado do colexio.
- Celebración dunha merenda no colexio.

2º TRIMESTRE:

- Actividades para celebrar o Día da Paz:
  - ✓ Actividades conxuntas no patio do colexio.
  - ✓ Elaboración dunha pomba con follas pintadas e con fotos de todo o alumnado e profesorado do centro.
- Preparación de disfraces para o desfile do entroido.
- Saída a Caixanova de Vigo para ver o espectáculo "Música para todos" e visitar o Museo do Mar.

3ºTRIMESTRE:

- Participación nas actividades organizadas polo centro co motivo da xornada de convivencia que se realizará conxuntamente co C.E.I.P. de Abelendo.
- Saída Caixanova en Pontevedra para asitir a representación teatral Grim Grim e visitar a cidade seguindo O Roteiro Castelao.
- Saída o Auditorio de Cangas para ver un espectáculo de monicreques a cargo do grupo de teatro Tanxarina.
- Participación no 5º certame de contos.
- Participación nas actividades do maio cultural:
  - ✓ Obradoiro de " Maios".
  - ✓ Cross escolar.
  - ✓ Exposición de traballos de elaboradas na área de plástica.
- Participar no Festival de Fin de Curso.
- O 3º ciclo asistiu a unha charla- coloquio a cargo de Federico de la Peña.
- Excursión de Fin de Curso a Manzaneda

CEIP ESPIÑEIRA-ALDÁN

O 3º ciclo tamén participou na elaboración dos diferentes números da revista escolar "Orxás", no uso da Biblioteca a través do préstamo semanal de libros e das maletas viaxeiras.

PEDAGOXÍA TERAPÉUTICA

Durante o curso 2007/08 asistiron á aula de Pedagoxía Terapéutica catro alumnos/as. Estes alumnos/as estaban integrados en E. Infantil de cinco anos, no 1º curso do 1º ciclo, no 1º curso do 2º ciclo e no 2º curso do 2º ciclo de E. Primaria.

Tendo en conta as necesidades do alumnado organizáronse os grupos de traballo e as sesións semanais de cada un destes grupos, aínda que hai que resaltar que cada neno/a foi tratado de forma individualizada segundo as súas necesidades e características persoais.

Os aspectos traballados xiraron en torno ao reforzo das áreas de razoamento lóxico, espacial, verbal e lóxico-matemático, atención, memoria, comprensión e expresión oral e escrita, e fluidez verbal.

A coordinación entre os profesores e a profesora da aula realizouse ao longo de todo o curso, existindo en todo momento colaboración e boa dispoñibilidade.

Con respecto á evolución dos alumnos/as hai que dicir que foi en termos xerais positiva, en relación aos obxectivos programados ao principio de curso.

AUDICIÓN E LINGUAXE

Este curso compartiuse centro co CEIP TORRE-CELA de Bueu, que foi o centro base.

Neste centro a docencia foi os luns, mércores e venres na cuarta e na quinta sesión de 12:45 a 14:30.

A maioría dos casos atendidos foron relacionados con retrasos simples da linguaxe e dislalias.

Déuselle a alta a dous nenos de primeiro curso do primeiro ciclo. Tamén se lle da a alta a un neno de Educación Infantil de 5 anos.

No mes de xaneiro e por indicación da Orientadora e do Equipo de Orientación Específico incorporamos a un neno de Educación Infantil de 3 anos, ao parecer diagnosticado cun retraso xeneralizado do

desenvolvemento, polo que de acordo coas directrices dadas polo EOE, formamos un grupo de 4 nenos que recibiron atención en AL, reservamos para eles unha sesión os luns; e levamos a cabo un programa de estimulación en linguaxe oral, fundamentalmente.

Cos outros nenos con dislalias continuouse coas recomendación do derradeiro ano.

3. RELACIONADOS CO ALUMNADO

En xeral os obxectivos programados para o alumnado fóronse cumprindo.

Non houbo problemas significativos nin situacións que supuxesen un deterioro grave das normas de convivencia, agás algunha excepción puntual..

Cabe sinalar tamén a actitude de diálogo e tolerancia entre o alumnado e o profesorado, así como o respecto e coidado das instalacións e material do Centro.

RESULTADOS DA AVALIACIÓN (ANEXO)

A continuación van reflectidos nuns gráficos os resultados globais da avaliación, considerándoa en termos xerais satisfactoria.

4. RELACIONADOS COS PAIS/NAIS DO ALUMNADO

Dos obxectivos programados en relación cos pais/nais do alumnado, acadáronse na súa maioría, habendo unha boa colaboración entre a familia e a escola, con algunha excepción puntual.

Para o vindeiro curso intentarase fomentar máis o uso da biblioteca do Centro, para os pais/nais do alumnado.

III. PROBAS AVALIATIVAS DE FINAL DE CICLO

Neste curso 2007/2008 aplicáronse as probas avaliativas de final de ciclo, elaboradas o curso anterior, para detectar o grao de consecución dos obxectivos mínimos para darlle continuidade no ciclo seguinte.

IV. ACTIVIDADES EXTRAESCOLARES

Neste curso 2007/08, desenvolvéronse as seguintes actividades extraescolares:

- Teatro
- Manualidades.
- Patinaxe
- Xadrez

Con carácter xeral, estas actividades funcionaron eficazmente e con unha boa participación.

CEIP ESPIÑEIRA-ALDÁN

ANEXO

CEIP ESPIÑEIRA-ALDÁN



	C. do Medio	Ed. Artística	Ed. Física	L. Castelá	L. Galega	Matemáticas	L. Inglesa	Relixión	At. Educativa
IN	0	0	0	0	0	0	0	0	0
SU	0	0	0	0	0	0	1	0	0
BE	1	4	4	1	3	1	4	1	0
NT	3	1	1	2	2	2	0	3	1
SB	1	0	0	2	0	2	0	0	0



	C. do Medio	Ed. Artística	Ed. Física	L. Castelá	L. Galega	Matemáticas	L. Inglesa	Relixión	At. Educativa
IN	2	0	0	1	1	2	1	0	0
SU	0	2	2	2	2	1	2	1	0
BE	2	3	6	1	1	0	0	1	0
NT	3	3	0	2	2	3	1	4	0
SB	1	0	0	2	2	2	4	2	0



	C. do Medio	Ed. Artística	Ed. Física	L. Castelá	L. Galega	Matemáticas	L. Inglesa	Relixión	At. Educativa
IN	0	0	0	1	1	1	0	0	0
SU	2	0	0	0	1	1	4	0	0
BE	3	5	4	4	3	2	0	2	0
NT	1	3	3	2	2	1	2	3	0
SB	2	0	1	1	1	3	2	3	0